



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, no Concello de Ribeira, e con domicilio a efectos de notificacións no propio Concello ou na Sede do BNG de Ribeira, Rúa da Amarella, 2-Entrechan, presenta a seguinte **solicitud** diante da Dirección Xeral de Urbanismo en relación **coa construción do Residencial Mirador de Padín, en Ribeira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno Municipal está a negarlle ao **Grupo Municipal do BNG o acceso aos expedientes de obras dende o mes de xaneiro. No que vai de ano non se nos permitiu ver ningún expediente, mesmo téndoo solicitado por escrito nalgúns casos dende hai xa tres meses.**

Como é sabido por esa Dirección Xeral, Ribeira conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) sen adaptar á Lei do Solo tendo xa rematado o prazo establecido para facelo en xaneiro do 2006, pese ás súas deficiencias e as reiteradas demandas do BNG.

Pero, ademais, o PXOM, nunca será un instrumento eficaz por si só se o equipo de goberno non pon en práctica as necesarias medidas de control que verifiquen, por exemplo, que as obras realizadas se axusten ás licencias outorgadas. De non ser así produciranse graves incumprimentos e agravios comparativos. Son múltiples as queixas da cidadanía de Ribeira neste sentido.

Este é o caso da urbanización Residencial Mirador de Padín, de 227 vivendas, que se está construíndo na Rúa do Comandante de Ribeira e da que o BNG ten recibido queixas da veciñanza no senso de denunciar agravios comparativos no relativo, especialmente, a alturas. O Goberno Municipal concedeulle, por convenio, baixo, 5 plantas e baixo cuberta. Este é un privilexio co que o entorno próximo non conta. A preocupación da cidadanía, e tamén deste Grupo Municipal, é que se excedan as alturas concedidas pois polo que se pode apreciar a simple vista, aparenta máis alturas que as que se recollen na licencia.

Por esta razón acudimos a esa Dirección Xeral, para que dentro das súas funcións de *"dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias que, en materia de urbanismo, ordenación do territorio e do litoral, corresponden á consellería"* e que se concretan, entre outras, *no seguinte: "e) O fomento, seguimento e control da actividade urbanística"*, fagas as comprobacións que estimen oportunas para garantir que a devandita urbanización se adapta á normativa vixente.



Por todo isto o Grupo Municipal do BNG de Ribeira,

SOLICITA:

Que dende a Dirección Xeral de Urbanismo se dean as ordes oportunas para que os servizos técnicos comprobem se o Residencial Mirador de Padín, que se está a construír na Rúa do Comandante de Ribeira, se axusta á licenza concedida polo Xunta de Goberno Local acorde co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ribeira, especialmente no tocante a alturas, retranqueos, ocupación e edificabilidade. De non ser así, que se proceda á súa paralización inmediata e a restitución da mesma á legalidade vixente.

Ribeira, 8 de maio de 2008

Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE URBANISMO. CONSELLARÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.**